

CASTILLEJO MANZANARES, R.; SANDE MAYO, M^a J.; TORRADO TARRÍO, C. (Coords.): JUSTICIA RESTAURATIVA Y VIOLENCIA DE GÉNERO. MÁS ALLÁ DE LA LEY ORGÁNICA 1/2004. SPUSC, Santiago de Compostela, 2014. 497 páxinas.

En “Justicia restaurativa y violencia de género. Más allá de la Ley Orgánica 1/2004” preséntase unha obra na que se aborda a incidencia do novo paradigma do Dereito penal, nunha das problemáticas que máis incidencia ten no actual debate xurídico. Combínanse así dous elementos de interese que, en conxunto, non representan para o lexislador español unha opción de interese.

Como é sabido, a conxugación entre a Xustiza restaurativa e a loita contra a violencia de xénero non resulta pacífica na doutrina. Máis ao contrario, coa Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, acabouse por abrazar a adopción dunha política punitivista, allea polo tanto, á perspectiva restaurativa.

En efecto, a exacerbación punitiva propugnada pola Lei Orgánica 1/2004 non só significou o evidente, o máis que considerábel aumento das penas, senón tamén e moi especialmente, o rexeitamento pola vía dos feitos dalgunhas das implicacións máis coñecidas do paradigma restaurativo.

CASTILLEJO MANZANARES dirixe a unha extensa e plural nómina de autores e autoras, especialistas de ámbitos moi diversos -xuízas, penalistas, procesualistas, educadoras, etc.-, que abordan non só, a sempre difícil tarefa de precisar os lindeiros da Xustiza restaurativa, senón tamén a súa difícil interacción coa violencia de xénero. Xustamente é esa heteroxeneidade nas sinaturas, a que permite sortear parcialmente o carácter polémico da temática escollida, toda vez que, por contraste, facilita a aproximación á mesma dende unha perspectiva poliédrica que enriquece notablemente a análise.

A obra colectiva debulla en vinte e seis capítulos, outros tantos temas de relevancia, entre os que se poden destacar: a relación mediación-violencia de xénero dende a perspectiva comparada; o debate entre o principio de oportunidade e o de legalidade en relación á mediación; as posibilidades do procedemento mediador no marco dos centros penitenciarios; o porqué da mediación en caso de agresión aos intereses xerais en materia de xénero (publicidade e acción de cesación), etc.

Con base na relación de temas salientada e, xustamente, co gallo de ilustrar con exemplos algunhas das potencialidades máis salientábeis da publicación, destacaremos catro capítulos particularmente relevantes tanto polo seu propio obxecto, como polas súas implicacións no actual debate xurídico.

Así, aos referidos efectos cabe comezar destacando a achega do Profesor GÓMEZ COLOMER que baixo o título, "Notas sobre la Justicia procesal (alternativa, negociada, transaccional, restaurativa o reparadora). Un nuevo subsistema de Justicia para aliviar al sistema de Justicia judicial", reflexiona verbo da necesidade de potenciar o sistema procesual penal español para sortear os riscos derivados do mimetismo acrítico con respecto as influencias estranxeiras, procedentes fundamentalmente do sistema Alternative Dispute Resolution estadounidense e do desenvolvemento do principio de oportunidade en Alemaña.

Na opinión do autor, cómpre que todas as institucións que regulan a actual Xustiza procesual se recollan nun código propio, sen prexuízo de que nos diversos códigos procesuais se fagan as oportunas referencias cando resulten de aplicación. Pretende deste xeito, rematar co caos existente, a pluralidade institucional e as diferenzas entre as ordes xurisdicionais que, coma é sabido, non sempre atopan xustificación.

No capítulo "El 'principio de oportunidad' penal", CALAZA LÓPEZ sinala que, *stricto sensu*, a oportunidade debería ser definida como a facultade de solicitar -atribuída aos órganos de acusación-, así como a potestade de substituír -atribuída aos órganos de axuízamento-, unhas penas por outras menos lesivas e igualmente eficaces. E isto, en consideración á apreciación discrecional de circunstancias específicas -expresamente previstas e debidamente motivadas-, e nos supostos previstos *ex lege*, polo xeral, feitos delituosos de pouca entidade a determinar polo legislador de acordo con variábeis de política criminal.

A xuízo da autora a oportunidade poderá, de igual modo, atribuírse, *lato sensu*, á autonomía da actuación dos particulares. E isto no momento no que decidan, dentro do marco legal, aceptar solucións complementarias -como a conformidade- ou, no seu caso, alternativas -como o procedemento mediador- ao noso sistema procesual.

De conformidade co concluído por LOREDO COLUNGA en "Perfil sociodemográfico del agresor participante en los programas de intervención realizados en medio abierto", lonxe da caracterización correspondente ao cidadán medio español -casado, con estudos secundarios e que vive en parella-, o perfil sociodemográfico do usuario tipo do programa de intervención para agresores en medio aberto pode identificarse tras os seguintes trazos: español, solteiro, de corenta anos, con estudos primarios, traballador por conta allea, e que asegura non consumir drogas.

Por último, en "Problemas que presenta el tratamiento legal y jurisprudencial de la violencia de género", CASTILLEJO MANZANARES reflexiona sobre aspectos tales como a dimensión pública do problema da violencia en parella, a vitimización secundaria, o empowerment e protección ás vítimas de violencia de xénero, así como a proba na persecución dos feitos delituosos en violencia de xénero.

Especial mención merece a consideración efectuada en relación a unha eventual implantación da mediación no proceso penal en supostos de

violencia de xénero. A autora argumenta ao respecto, desmontando algúns dos tópicos que, infundadamente, se estableceron no imaxinario de boa parte da literatura especializada.

Neste sentido destácanse, desde unha perspectiva cualitativa, argumentos máis que relevantes entre os que cabe salientar que o fin do procedemento mediador non é restablecer a parella, senón que os pactos aseguren, en primeiro lugar, a seguridade da muller. Ademais, a mediación, na que o agresor reconece os feitos esenciais dos que deriva a súa responsabilidade, non significa necesariamente cesión, senón que implica o intento de alcanzar acordos. Por último, baixo a referencia "muller maltratada" atópanse realidades moi diferentes e, xa que logo, necesidades igualmente distintas.

De todo canto se vén de salientar cabe colixir que, para alén do marco legal establecido pola Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, isto é, máis alá da desafortunada prohibición de mediar en supostos de violencia de xénero prevista no seu artigo 44, os catro exemplos que acabamos de debullar serven para ilustrar o inequívoco leitmotiv pro-mediación da publicación.

No ánimo de encabezar a defensa dun binomio non exento de polémica, a obra busca, en efecto, non só pór negro sobre branco as potencialidades da interacción Xustiza restaurativa-violencia de xénero, senón tamén abordar con xenerosidade aqueles aspectos máis controvertidos: desigualdade das partes, grao de vitimización, etc.

Advírtese na selección dos temas, unha moi deliberada vocación de vangarda, toda vez que as voces convocadas conforman un todo plural, no que conviven as temáticas máis innovadoras, ao carón daquelas que abordan o afondamento e imprescindible actualización dos contidos dunha fisionomía máis clásica.

Nótese, asemade, que ao tratarse na obra os aspectos fundamentais do novo paradigma, abordase a moi diversa metodoloxía restaurativa, cuestión esta que obriga, á súa vez, a sortear os límites do netamente teórico, para nos aproximar aos aspectos prácticos da man da inclusión de experiencias piloto, programas no desenvolvemento de políticas públicas, etc.

Así pois, á vista do rigor e da sinalada vocación innovadora, a presente publicación está chamada a se converter nunha obra de referencia non só para quen se aproxime por vez primeira á temática formulada, senón tamén para quen precise actualizar o estado da ciencia na materia.

Habida conta de todo o referido, non cabe senón aconsellar o seu estudo toda vez que, en definitiva, a obra proporciona, con indubidábel acerto, un estudo exhaustivo, inzado de propostas de lege ferenda e crítico en relación ao binomio Xustiza restaurativa-violencia de xénero.

Cristina Alonso Salgado
Doutora en Dereito
Universidade de Santiago de Compostela
cristina.alonso@usc.es